



# PROXECTO CURRICULAR DE CENTRO



**CEIP Milladoiro (15026765)**  
**Actualización Curso 2022-2023**  
**ÍNDICE**



1. Introducción .....	3
2. ....	3
3. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro .....	8
4. A contribución á adquisición das competencias .....	10
5. Os criterios para incorporar elementos transversais .....	
6. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos .....	12
7. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso .....	14 15
8. Os criterios para o deseño das actividades complementarias .....	20
9. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso .....	22
10. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso .....	23
11. Os criterios xerais para a avaliación e, de ser o caso, a promoción e a titulación .....	28
12. Os criterios xerais de outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso .....	29
13. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias .....	31
14. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas .....	32
15. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular .....	33
16. Outros apartados .....	



## 1. Introducción

O presente PCC foi elaborado polo Equipo Directivo, Comisión de Coordinación Pedagóxica e por todo o Claustro de docentes, tendo en conta que este documento debe permitir establecer as medidas curriculares concretas e adaptadas ó noso centro sendo coherentes co deseño do noso Proxecto Educativo, de modo que nos permita acadar os obxectivos do mesmo baixo a filosofía pedagóxica que nos define como centro.

Elaborado polo equipo directivo: curso 2018/2019

Revisado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica: xuño 2019

Aprobado por Claustro e Inspección Educativa: 30/06/2019

Dado o período transitorio de aplicación da nova lei educativa (LOMLOE), no que nos encontramos, actualizamos o PCC mirando a un futuro que esperamos sexa lexislativamente estable e nos permita seguir transitando o camiño dunha educación pública e rural de calidade.

## 2. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O CEIP Milladoiro, está en Malpica de Bergantiños localizándose na denominada Costa da Morte. Na actualidade ten aproximadamente 5.400 habitantes, presentando unha tendencia á diminución progresiva da poboación que parece imparable nos últimos vinte anos. O centro acolle alumnado das parroquias de Malpica, Mens, Barizo, Seaia, Vilanova e Cerqueda.

A idade media é de 53,1 anos e o saldo vexetativo de -77 (IGE, 2021). O nivel de instrución da poboación é medio-baixo, presentando aínda preocupantes datos de analfabetismo entre persoas maiores de 65 anos (Instituto Nacional de Estadística). Tamén presenta este perfil medio-baixo o nivel económico,



sendo a media de ingresos anuais brutos de 13.015 € (dato de 2019).

A vocación mariñeira desta vila é incuestionable pero os últimos datos estatísticos (2021) amosan que a poboación malpicá xa non ten o mar como actividade prioritaria. Na actualidade a poboación está ocupada maioritariamente no sector servizos e na industria. Do número total de empresas (583) 263 están adicadas ao sector servicios a meirande parte ten un ou 2 traballadores e só 4 delas teñen máis de 20. (IGE. Instituto Galego de Estatística, 2021).

Este panorama socioeconómico tan deprimido obriga dobremente á escola pública a cumprir co seu mandato de compensadora de desigualdades sociais de partida pois, na práctica, é o único axente dinamizador da cultura no entorno dos nosos escolares. Cómpre dicir a favor do noso alumnado que conta cunha sólida estrutura familiar que os rodea e coa que podemos contar á hora de establecer programas e medidas que precisen continuidade máis aló do horario escolar.

A nosa poboación escolar ten case na totalidade como lingua materna o galego. Tan só un 10% das familias afirman ensinarlle a falar aos seus fillos en castelán, mentres que un 58,57% afirman facelo en galego e un 30% nas dúas linguas. En calquera caso, nenos e nenas viven inmersos nunha contorna lingüística galego falante.

En xeral os alumnos e alumnas do CEIP Milladoiro non presentan problemas de integración nin absentismo escolar. A maioría das familias amosan interese pola educación dos seus fillos e fillas, e participan activamente en todas as propostas.

A inmensa maioría do noso alumnado pertence a familias naturais do propio concello ou limítrofes asentadas aquí durante xeracións. É frecuente a mobilidade por cuestións laborais: familias que se trasladan buscando oportunidades laborais e levan consigo aos fillos, tanto en dirección de saída



coma de entrada. Tendo en conta o perfil económico deprimido, apenas temos alumnado inmigrante.

Partindo do contexto do centro adaptaremos os obxectivos de Educación Infantil (DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia) e os obxectivos da Educación Primaria (DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia) en cada unha das programacións de ciclo e de aula. Tendo en conta que a Educación Infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.



i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Na educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura. f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución





de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.



### 3. A contribución á adquisición das competencias

A adquisición das distintas competencias abordaranse dende todas as áreas curriculares de forma interdisciplinar e transdisciplinar, comezando polo asentamento das bases na etapa de Educación Infantil e posterior adquisición na etapa de Educación Primaria.

- **Competencia en Comunicación Lingüística ( CCL)**

Afondamos nesta competencia permitindo ó alumnado a expresión axeitada e correcta de feitos, sentimentos, acontecementos, conceptos ou pensamentos de diversas formas: oral, escrita, signada... participando nas interaccións sociais de forma respectuosa, tolerante e cooperativa establecendo vínculos persoais. Desenvolvemos dita competencia na medida en que o alumnado avanza na lectura de obras axeitadas á súa idade, buscando e contrastando información e expresándoa de forma crítica, creativa e persoal.

- **Competencia Plurilingüe ( CP)**

Na nosa Comunidade temos dúas linguas cooficiais, polo que esta competencia se adquire a medida que o alumnado é capaz de descifrar e comunicarse cos códigos lingüísticos do Galego e do Castelán, así como a iniciación na lingua estranxeira en inglés, valorando a diversidade lingüística e cultural da nosa contorna.

- **Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría ( STEM)**

A través da utilización de métodos dedutivos e intuitivos de razoamento matemático e achegándose ó método científico, para desenvolver as diversas funcións executivas do cerebro que lles permita





organizar, planificar, executar e deseñar diversos proxectos de forma creativa e cun traballo colaborativo.

- **Competencia Dixital ( CD)**

Avanzamos nesta competencia coa adquisición de estratexias para o tratamento de información en redes, e a manipulación de ferramentas e plataformas dixitais de forma segura, coñecendo os riscos, que lles permita buscar solucións dixitais sinxelas de forma creativa e globalizada.

- **Competencia persoal, social e de aprender a aprender ( CPSAA)**

Para avanzar nesta competencia é necesario traballar a intelixencia emocional, tanto intrapersoal como interpersoal, de forma que poidamos convivir en grupo sendo respectuosos e tolerantes coas nosas emocións, ideas e comportamentos e coas dos outros, sendo fundamental unha auto e co avaliación das aprendizaxes autorreguladas e buscando axuda pertinente no proceso de construción do coñecemento.

- **Competencia Cidadá ( CC)**

Para formar ás novas xeracións no exercicio dunha cidadanía democrática, traballaranse valores de respecto, xustiza, empatía, equidade, igualdade, inclusión e convivencia que permitan unha resolución pacífica dos conflitos a través do diálogo. Tamén na identificación de situacións sociais e na análise da nosa propia cultura e identidade, así como a conservación do noso medio natural e o noso patrimonio, e a adquisición de hábitos saudables que favorecen unha vida adulta activa e comprometida.

- **Competencia Emprendedora ( CE)**



Dende a etapa de educación infantil estimularase ó alumnado na creatividade e na imaxinación, sentando as bases para o traballo en grupo e a cooperación, así como ferramentas e recursos que permitan o deseño e a materialización das súas ideas para a resolución de problemas, avanzando no pensamento estratéxico e creativo e na súa propia autonomía, fundamental para para súa autoestima e o desenvolvemento persoal e social.

- **Competencia en conciencia e expresións culturais ( CCEC)**

Avanzamos nesta competencia a través da expresión de ideas, emocións e sentimentos utilizando diversas linguaxes e formas artísticas, valorando o noso patrimonio e as súas manifestacións artísticas e culturais.

#### **4. Os criterios para incorporar elementos transversais**

No CEIP Milladoiro somos conscientes de que a educación nos países desenvolvidos atópase inmersa nun proceso de cambio e innovación. Este proceso é imparabile e así o reflicten as constantes renovacións das lexislacións educativas internacionais que os diferentes lexisladores do estado Español foron aplicando ao noso sistema nos últimos anos, especialmente a avaliación por competencias.

Os centros educativos debemos camiñar cara unha adaptación ás novas necesidades e demandas sociais, cara unha revisión das estratexias metodolóxicas máis centradas en buscar fortalezas que debilidades do noso alumnado. Entendemos que os cambios que afectan ás estruturas deben ser meditados, pausados e progresivos. Polo tanto, establecemos os seguintes criterios para incorporar os elementos transversais:

1. Coeducación: Traballamos a prol de favorecer o desenvolvemento



integral das persoas máis aló do seu xénero. Traballamos para ir reducindo as desigualdades relativas ao xénero e educamos na aceptación da diversidade.

2. Compromiso co Medio Ambiente: Coidar do mundo comeza pola nosa terra: Malpica. Estamos situados nunha contorna aínda privilexiada polo que nosa escola ten o coidado do Medio ambiente como prioridade, asumindo como propio o obxectivo nº 13 da Axenda 2030. En concordancia con iso, tódalas actividades e accións que deseñemos terán a característica de sostibles e respectuosas co medio ambiente. Transmitir ao alumnado a conciencia de cidadáns do mundo e do efecto bolboreta de cada decisión que se toma, é unha prioridade.

3. Coñecedores, partícipes e defensores da Cultura propia: *Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma (Castelao).*

Precísase coñecer profundamente o propio para poder entender o mundo. Partir do que somos para coñecer outras realidades. Valorar as diferencias culturais e lingüísticas coma riqueza e oportunidades, nunca coma dificultades. A Lingua propia, que a propia Unesco recoñece como ameazada, é para nós a lingua de comunicación natural tal e como se recolle no Plan Lingüístico do centro xa que é obxectivo prioritario de institucións culturais e educativas coidar de que non se rompan as cadeas naturais de transmisión.

4. Pensamento crítico: *Que os estudantes non só coñezan senón que pensen a partir do que coñecen (Perkins).*

Pensar para entender. Pensar para aprender. O pensamento crítico que resulte valioso para o alumnado debe ir acompañado de reflexión e creatividade desenvolvendo, ao tempo, habilidades argumentativas.

5. Escola democrática e participativa: Educar con actitude de diálogo. É dicir: desenvolver capacidades e habilidades para a convivencia social, a solidariedade, a participación e o respecto. Participación, diálogo permanente,



emisión de opinión, reflexión crítica respecto das normas e as consecuencias da transgresión, aceptación de responsabilidades.

6. Escola respectuosa coa diversidade e as etapas do desenvolvemento: Partimos do coñecemento das etapas de desenvolvemento da infancia, en concreto nos tramos de idade que comprenden ao noso alumnado. Teranse en conta, xaquelogo, as necesidades de cada unha delas á hora de deseñar os espazos que lle son propios e chegarase a compromisos razoables e cómodos para todos naqueles que son comúns.

7. Transversalidade educativa: Persequimos unha escola na que o alumnado aprenda a desenvolver tódalas súas potencialidades, non só as intelectuais, senón tamén aquelas outras que teñen que ver cos valores: educar para a paz, para a defensa do medio ambiente, para a saúde, para a igualdade entre homes e mulleres, para a pluralidade relixiosa e cultural, para a tolerancia, para o respecto e sensibilidade pola identidade sexual das persoas. En definitiva: educar para ser capaces de implicarnos e motivarnos para cambiar o mundo desde o noso contorno. Por esto, a nosa metodoloxía de aprendizaxe, estará iluminada pola transversalidade.

8. A importancia das emocións: *O cerebro só aprende se hai emoción. Só se pode ensinar a través da alegría.*

Ambas frases pertencen ao neurocientífico Francisco Mora e resumen perfectamente o ideal deste centro respecto do tratamento e posta en valor das emocións no traballo de aula.

## **5. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Dende o curso 2019/20 somos un centro LIA.2 o que significa que contamos cun recurso imprescindible en toda escola: a biblioteca escolar (BE). Unha



biblioteca do século XXI que se ramifica polo centro ofertando diversos espazos creativos (aula de cociña, aula sensorial, aula científica, aula audiovisual...) con recursos documentais, tecnolóxicos, audiovisuais... ao servizo da comunidade e do currículo: a nosa BE-LeoLab. Espazos e recursos que permiten ao profesorado transitar cara metodoloxías activas nas que o alumnado non é un mero consumidor de aprendizaxes, senón que é produtor das súas aprendizaxes transformando a información en coñecemento mediante tarefas integradas que gardan estreita relación co Proxecto Documental Integrado (PDI) do centro.

O libro de texto é un manual, xeralmente ben organizado, con contidos expresados de maneira asequible para a idade á que vai dirixido. Neste sentido, é un recurso que colabora ben con parte do profesorado á hora de abordar o proceso de ensino-aprendizaxe. Por esta razón, e de momento, está presente nalgunhas da nosas aulas, mentres parte do profesorado transita o camiño cara metodoloxías máis activas nas que o libro de texto non é o único recurso de información /aprendizaxe. Non vemos factible, no momento actual de desenvolvemento da sociedade da información, ofrecer ao alumnado unha única fonte de información. Tampouco é factible descansar sobre unha empresa privada a responsabilidade de organizar os contidos e a acción tutorial do profesorado.

Por esta razón, na nosa escola, os libros de texto están presentes pero non descansa neles a responsabilidade de organización de contidos, temporalización dos mesmos, criterios de avaliación, deseño de tarefas... que son de competencia exclusiva do profesorado organizado en equipos creativos de traballo á luz non só da lexislación vixente senón tamén dos documentos do propio centro.

O ciclo de Educación Infantil e a meirande parte dos niveis de Educación Primaria traballan mediante proxectos que se articulan arredor do PDI de centro. A traxectoria e experiencia acumuladas, teñen sobradamente



demostrada a pertinencia e eficacia desta metodoloxía que o centro asume como propia.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto. De tal modo, establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

1. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
2. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
3. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
4. A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
5. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
6. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
7. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
8. Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

## **6. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

No noso centro, as familias, no momento da matrícula poderán escoller entre Relixión ou Atención Educativa/ Proxecto Competencial, tendo a posibilidade a





comezo de cada curso e nos prazos establecidos cambiar de área.

Dentro da Atención Educativa para o alumnado de Educación Infantil, e tendo en conta as peculiaridades da psicoloxía evolutiva trabállanse aspectos relacionados coa identificación das emocións propias e alleas, así como a xestión das mesmas como principal ferramenta para a resolución de conflitos, así como aspectos relacionados con valores sociais e democráticos: igualdade, respecto, empatía, solidariedade...

Dentro do Proxecto Competencial dirixido ó alumnado de Educación Primaria trabállanse pequenos proxectos que implican o traballo do pensamento executivo: planificar, organizar, deseñar... para a adquisición de diferentes destrezas e o avance na adquisición de valores sociais e cívicos.

Como materia de Libre Configuración dirixida ó alumnado de 4º e 6º de Educación Primaria, nunha sesión semanal, impartimos Aprender a Investigar-ALFIN ( Alfabetización Informacional), unha área na que se traballa o tratamento da información: buscar, seleccionar, comprender, contrastar... nos diferentes formatos nos que a información se nos aparece, especialmente no medio dixital. Materia que desaparece no curso 2023/24.

## **7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Xustificamos a importancia das **actividades complementarias e extraescolares** partindo da premisa que considera a educación de calidade aquela que responde ás nova demandas sociais de modo eficaz e proporciona non só un incremento da súa calidade de vida, se non tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos. Neste contexto no que se foi recoñecendo a contribución das actividades complementarias e extraescolares para lograr unha formación plena do alumnado. Polo tanto, un centro educativo, non



limita as súas actividades ás estritamente académicas, tamén da cabida a outras que proporcionan, tanto aos alumnos como ao profesorado, diferentes experiencias e situacións de aprendizaxe.

As actividades complementarias e extraescolares contribúen de xeito importante ao logro dunha formación plena e integral do alumnado e ao desenvolvemento integral da súa personalidade, a completar a súa formación académica e á adquisición de valores e actitudes, coma a tolerancia e o respecto; polo tanto, contribúen ao desenvolvemento das competencias clave, melloran a convivencia e constitúen un campo específico para a iniciativa e a capacidade organizativa do centro ao mesmo tempo que permiten e incentivan a participación doutros membros da Comunidade educativa.

A maioría das actividades complementarias e extraescolares programadas para no noso centro en todos os niveis van ter unha motivación común: a procura de información para participar no Proxecto Documental Integrado de cada ano, presentado dende a biblioteca do centro e a posta en marcha dunha cadea de transmisión de coñecementos entre as diferentes ensinanzas (infantil e primaria) e niveis.

As actividades deben ter o seu lugar dentro da vida do Centro, integrándose axeitadamente no conxunto das actividades educativas e facilitando a participación dos diferentes sectores da comunidade escolar na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares. As citadas actividades serán propostas polos equipos de nivel ou departamentos didácticos, de conformidade cos criterios establecidos polo Consello Escolar e despois de informar a todos os implicados xa que se está partindo dunha proposta global. O profesorado dos grupos, niveis ou etapa a quen van dirixidas cada unha das actividades é o responsable das mesmas; encargándose da súa planificación, acompañamento e avaliación.

Todas as actividades complementarias deben ser incluídas na Programación



Xeral Anual do centro e ser aprobadas polo Consello Escolar. As actividades complementarias que se introduzan ao longo do curso requirirán, así mesmo, a aprobación do Consello Escolar e serán comunicadas á inspección educativa.

Teñen o carácter de actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ao seu entorno e procurar a formación integral do alumnado. As actividades extraescolares realizaranse fóra do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.

Os **criterios xerais** para a elaboración das actividades complementarias de cada curso serán:

- Os obxectivos das actividades terán en conta os obxectivos xerais do centro.
- Os obxectivos das actividades estarán integrados na programación docente do nivel e contribuirán ao mellor desenvolvemento da mesma.
- Programaranse ao comezo do curso e, en calquera caso, serán aprobadas polo Consello Escolar. Os titores informarán aos pais e nais sobre as actividades complementarias a realizar.
- Cando se organice algunha actividade extraescolar, unha vez decidida a data, avisarase á xefatura de estudos e anotarase no calendario da sala de profesores.
- As actividades que se realicen fóra do centro poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, prestando especial atención ao aforo e as medidas de hixiene.
- Por tratarse de actividades que favorecen o desenvolvemento das competencias clave, procurarase que todas as actividades programadas sexan participativas e inclusivas. O Centro farase cargo do custo da actividade dun



alumno no caso de que este non poida realizala por problemas económicos.

- Prever coa suficiente antelación as saídas que se consideren oportunas.
- Recoméndase aproveitar os recursos da localidade, preferentemente ao aire libre e o uso de medios telemáticos cando sexa posible.
- Os titores comunicarán ás familias as saídas que vaian realizar.
- É imprescindible que os titores, na semana anterior ás saídas comprobren, xestionen e confirmen o necesario para as mesmas.
- De cada actividade elaborárase un Proxecto Económico, que deberá ser entregado na secretaría do centro.
- Promoverase o coidado do medio ambiente coa reciclaxe, reutilización e redución de residuos.
- Terase en conta a atención á diversidade na programación e desenvolvemento de actividades.
- Solicitarse ao Concello de Malpica información detallada e con suficiente anterioridade das actividades ofertadas para poder participar nelas.
- Todos os niveis colaborarán nas actividades propostas polos equipos e departamentos existentes no centro.
- As saídas didácticas así coma as excursións efectuaranse dentro dos límites da Comunidade Autónoma de Galicia. As pernoctacións quedan limitadas á saída de final de Primaria (alumnado de 6º E.P.).

Poderán incorporarse ao longo do curso, de xeito excepcional, determinadas actividades complementarias, a proposta dos equipos de nivel, que se consideren axeitadas e beneficiosas para o desenvolvemento da programación .Esta excepción xustifícase porque é habitual que se reciban ofertas, unha vez



realizada a planificación de actividades, novas propostas.

### **Obxectivos xerais**

As actividades complementarias e extraescolares contribúen a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, favorecen a capacidade de aprender por si mesmo e prográmanse en función da consecución dos seguintes obxectivos :

1. Ser complemento fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe desenvolvido na aula.
2. Favorecer a observación directa de diferentes procesos naturais e sociais.
3. Promover o traballo de expresión, tanto de forma oral como escrita, de coñecementos ou opinións.
4. Colaborar na aprendizaxe da realidade social, cultural e lingüística doutras culturas.
5. Favorecer as habilidades de expresión plástica e dramática, así como valorar todas as manifestacións artísticas.
6. Colaborar con outras institucións tanto locais como rexionais, así como con organizacións culturais e deportivas sen ánimo de lucro.
7. Programar actividades que favorezan as relacións persoais e de grupo, así como a inserción social.
8. Favorecer o respecto e tolerancia ante a diversidade de culturas, crenzas, razas e pobos.
9. Promover o interese e respecto polo entorno natural e o medio ambiente.
10. Fomentar o interese polas actividades que o alumnado poida incorporar ao seu tempo de lecer.
11. Favorecer o desenvolvemento persoal dos alumnos e alumnas e o seu acceso ao patrimonio cultural.
12. Ofertar, informar, orientar e coordinar as posibles actividades



educativas.

13. Aproveitar os medios tecnolóxicos: DVD, vídeo, cámara fotográfica, lousa dixital, web do centro..., para fomentar o interese polas distintas actividades e o aproveitamento posterior destas.
14. Coordinar as actividades co ENDL, Equipo de Biblioteca, Departamento de Orientación, así como cos Equipos de nivel.
15. Manter informada á comunidade educativa das actividades a través dos diferentes blogues de centro.

## **8. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Atendendo ao *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece que a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. Ademais dispón que hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor





tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

- Partiremos do nivel de cada alumno/a, realizando sempre unha avaliación inicial e revisando os informes finais da etapa anterior.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

No caso do alumnado que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un **plan de reforzo** en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno. No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento...

O plan de reforzo debe incluír os seguintes puntos, seguindo o modelo de documento realizado polo departamento de orientación ao inicio de cada curso:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.



- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación primaria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

### **9. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Para o deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiremos o establecido no artigo 50 da *Orde do 8 de setembro de 2021*, na que establece:

- Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación



do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

- O plan específico de reforzo debe incluír:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## **10. Os criterios xerais para a avaliación e, de ser o caso, a promoción e a titulación**

O proceso de ensino-aprendizaxe require ser avaliado para comprobar que se camiña cara o obxectivo, co ritmo e dirección correcta. A avaliación non debe cingirse exclusivamente a aprobar ou suspender, non se avalía só ao alumno/a senón tamén o proceso educativo e o labor docente. Nun contexto de escola inclusiva é necesario enfocar a avaliación dende o traballo por competencias básicas e habilidades do currículo, ambas engloban gran parte dos procesos de ensino- aprendizaxe e á súa vez tamén a avaliación.

A avaliación, tal e como establece o *Rela Decreto 948/2021, do 16 de novembro,*



*polo que se regula a avaliación e promoción na Educación Primaria, será continua e global, tendo en conta o progreso no seu conxunto dos procesos de aprendizaxe. Cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas deberán adoptarse tan pronto como se detecten as dificultades.*

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na *Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación* e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

A avaliación considérase integrada no proceso de ensino aprendizaxe e na actividade ordinaria de aula e do centro docente, converténdose nun referente para valorar o progreso do alumnado así como a mellora continua do proceso educativo e punto de referencia para a adopción de medidas de atención á diversidade. Esta premisa dá resposta ás cuestións de **que e cando avaliar**, dado que esta será inicial, no arranque do proceso, continua e final, ao que engadimos o seu carácter formativo, é dicir, que permite ir reflexionando sobre a mesma e ir adoptando medidas de compensación, novas ferramentas e/ou estratexias segundo se vaian requirindo.

Así mesmo, esta mesma orde que guía necesariamente a nosa práctica docente así como a metodoloxía establecida na escola para abordar o desenvolvemento das competencias clave, establece con respecto á avaliación da competencias clave os seguintes aspectos:

- O profesorado empregará procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino-



aprendizaxe. Estas ferramentas variadas serán parte fundamental do proceso para mellorar a calidade da educación.

- Será preciso integrar ferramentas e estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, tales como a coavaliación, a avaliación entre iguais e a autoavaliación. O alumnado debe ser partícipe neste paso e ser informado ao respecto xa que procurarán a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas sobre o traballo colaborativo e formando parte da acción do profesorado na regulación do proceso ensino-aprendizaxe.

- Para valorar o axeitado desenvolvemento das competencias clave e do nivel de desempeño do alumnado o profesorado velará porque eses procedementos variados permitan a mobilización dos coñecementos, habilidades e actitudes e valores en relación coa resolución de problemas en contextos reais.

Por todo o exposto, con respecto á avaliación faise necesario o emprego de variados procedementos, estratexias e ferramentas de avaliación.

En todo caso, os distintos **instrumentos** de avaliación empregables serán:

- a) A observación sistemática do alumnado.
- b) As evidencias de logro a nivel oral.
- c) As evidencias de logro a nivel escrito.
- d) Portfolio/E-Portfolio
- e) Os protocolos de rexistro.
- f) Os traballos de clase...

Servirán para permitir a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente. As ferramentas de avaliación estarán establecidas en



torno a rúbricas de traballos concretos de aula e variadas producións que permitan valorar os distintos niveis de desempeño do alumnado, gravacións en vídeo de diversos procesos, pequenas probas escritas e orais, exposicións, maquetas, escalas de observación, cadernos de equipo... A *rúbrica para avaliar os cadernos de traballo diario* é común a todo o centro (de 3º a 6º), facilitada pola Xefatura de Estudos a comezo do curso. O alumnado contará co número necesario para incluír unha en cada caderno.

Capítulo aparte merecen as probas de desenvolvemento escrito, tradicionalmente coñecidas como exames. O exame é un tipo de proba na que se solicita do alumnado que elabore un texto expositivo ou ben un informe. Ambos son modelos textuais concretos e, como no resto dos coñecementos escolares, axústanse á norma de que a escola non demanda aquilo que non ensinou a facer. Polo tanto, o profesorado evitará solicitar a restitución de coñecementos neste formato sen asegurarse de que o modelo solicitado foi previamente practicado cos estudantes.

Avogamos, por tanto, por unha avaliación ampla, que teña en conta os ritmos individuais dos nenos e nenas e baseada en distintos instrumentos avaliativos (rexistros, observación directa, rúbricas, cadernos de observación, portafolios, escalas de valoración...) variados tal e como establece a lexislación vixente. Existen tamén espazos para a autoavaliación así como para a avaliación grupal das tarefas ou proxectos desenvolvidos. Capacitar aos nenos e nenas dunha visión crítica e reflexiva sobre o seu propio traballo supón un exercicio de mirada interna importante así como de recoñecemento do grao de responsabilidade que se acada. O profesorado con respecto a estes aspectos:

- a) Dotará ao alumnado de ferramentas para a autoavaliación e/ou coavaliación.
- b) Dará a coñecer ó alumnado as ferramentas co que será avaliado así como os niveis de desempeño axeitados para superar as áreas, traballos, etc.





En referencia aos criterios de promoción cabe sinalar que a **promoción do alumnado** decídese na sesión de avaliación final. A decisión da promoción será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. Sempre que se cumpran as seguintes condicións, poderase decidir a promoción:

- A cualificación positiva en todas as áreas.
- A natureza das materias non superadas non impida seguir con éxito o ciclo seguinte.
- A promoción beneficie a súa evolución e desenvolvemento.
- A existencia de expectativas favorables de recuperación no novo curso.

Esta decisión sobre a promoción realizarase ao rematar os cursos de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria, como consecuencia do proceso de avaliación. O resto dos cursos, 1º, 3º e 5º de Educación Primaria, a promoción será automática.

O alumnado non acadará a promoción sempre que se considere que non logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e non alcanzou un axeitado grao de desenvolvemento das competencias clave correspondentes tendo en conta o perfil competencial do centro en cada ciclo, apoiado nos informes ou rúbricas que correspondan. Esta non promoción considerárase unha medida de carácter excepcional, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, podendo adoptar esa decisión unha vez durante a etapa, oída a familia, nos cursos pares (2º, 4º ou 6º). Terase en conta ademais que, cando cumpra a situación anterior, e como consecuencia do proceso de avaliación, poderase dicir a non promoción, cando o/a alumno/a ademais:

- Teña cualificación negativa nas áreas instrumentais (linguas e matemáticas).



- Teña cualificación negativas nas linguas e dúas áreas máis.
- Teña cualificación negativa en matemáticas e dúas áreas máis.

A permanencia no mesmo curso é unha medida de carácter excepcional, e esta decisión soamente poderá adoptarse unha vez en toda a etapa. Neste caso o equipo docente elaborará un plan específico de reforzo para que durante este curso o/a alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a elaboración deste plan seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Co fin de garantir a continuidade do proceso na formación do alumnado, cada alumno/a disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e o seu grao de adquisición das competencias desenvoltas. No caso do alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá establecer as adaptacións e medidas adaptadas e súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

## **11. Os criterios xerais de outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Atendendo ao artigo 5.4 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. A proposta de « Mención honorífica » farase constar na acta de avaliación.

A concreción desta concesión no noso centro atende aos seguintes criterios:

"A decisión de outorgamento de Mención Honorífica será tomada de forma unánime polo equipo docente de 6º curso de E.P."



## **12. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias**

O profesorado dos centros docentes, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, desenvolverá o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada área, materia ou ámbito de cada curso do segundo ciclo de educación infantil e de educación primaria que teña encomendada na organización docente do centro.

A programación didáctica, que será única para o mesmo nivel, deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do equipo docente.

As programacións didácticas das áreas, materias ou ámbitos do segundo ciclo da educación infantil e de educación primaria incluírán os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
- d) Metodoloxía.



- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil.

- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

- Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán utilizar para a elaboración e o seguimento das ditas programacións a aplicación informática de programacións. A dita aplicación informática tamén será utilizada para a



entrega, a supervisión e a comprobación por parte das xefaturas de departamento ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, así como por parte das direccións destes centros e da Inspección educativa.

O acceso á dita aplicación informática de nome «Proens» realizarase a través do seguinte enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/proens>.

### **13. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Os criterios para participar nos diferentes proxectos, plans e programas que oferte a Administración educativa e/ou Concello, entidades sen ánimo de lucro... gardan estreita relación coa filosofía educativa que preside o Proxecto Educativo do noso centro: escola pública e rural onde brindar unha educación equitativa, inclusiva e de calidade (ODS 4 da Axenda 2030).

As solicitudes para a participación en diferentes proxectos, plans ou programas derivan da necesaria detección de debilidades e fortalezas por parte de todos os equipos docentes de traballo (claustro) para a súa posterior avaliación no seo da comunidade educativa: o consello escolar.

As bases documentais (PEC, PXA, PCC...) son os que nos guían para solicitar ou non un novo proxecto, plan ou programa; tendo en conta que non perseguimos dotacións económicas extraordinarias, que de outorgarse son ben investidas, senón a busca da excelencia educativa mediante a formación continua, de calidade e a significatividade das experiencias tendo en conta a nosa realidade educativa: con identidade e en comunidade.

Algúns dos criterios, entre outros, a seguir para a solicitude de proxectos, plans ou programas son:

- Interrelación e integración coas actividades que se desenvolven a nivel centro/aula: Proxecto Documental Integrado de centro



- Significatividade para a comunidade educativa.
- Formación continua e de calidade.
- Facilitación para o óptimo desenvolvemento do PEC, PCC, PXA de centro; así como doutros proxectos e plans que nos son propios: lector, lingüístico, dixital, convivencia, igualdade...

#### **14. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar. Será avaliado periódicamente en todo o seu conxunto, é dicir, as liñas xerais e cada un dos documentos que o integran, coa finalidade de actualizar as propostas que precisan ser reconducidas, reflexionando conxuntamente sobre a necesidade de cambios que dean resposta as realidades que van evolucionando cos tempos. Para elo, deseñaranse indicadores de observación que permitan facer unha análise máis profunda da eficacia da aplicación dos distintos documentos así coma da súa actualidade e pertinencia.

A concreción curricular, que forma parte do Proxecto Educativo, é un documento revisable a medio/longo prazo, as súas concrecións anuais efectivas serán na Programación Xeral Anual onde todos os equipos e partes implicadas establecerán os obxectivos e actuacións para o curso escolar. Informado e aprobado en Consello Escolar, posteriormente na Memoria Final, avaliarase o grado de consecución destas propostas.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.



## 15. Outros apartados

A nosa escola caracterízase polo traballo en comunidade, para o cal os **Proxectos Documentais Integrados** (PDI) que desenvolvemos cada curso escolar son o eixo vertebrador das variadas e ricas propostas de actividades trimestrais. Actividades a nivel centro e aula que posibilitan o traballo transdisciplinar e transversal para acadar un óptimo desenvolvemento competencial, ao tempo que nos permiten transitar cara metodoloxías activas nas que o alumnado é protagonista das súas aprendizaxes e non sendo o libro de texto o único recurso de aprendizaxe ou fonte de consulta. O **Plan Lector Anual** é o documento no que se recolle o PDI, así como outras actividades para o fomento e facilitación da lectura, da información e da aprendizaxe.

O curso 2019/20 estivo protagonizado pola inauguración do noso LeoLab (espazo maker) dentro do Plan LIA.2. Espazo que nos permitiu reorganizar os espazos e os recursos educativos ao servizo do currículo e da comunidade.

Así, xurdiron os **laboratorios de aprendizaxe**, para todas e todos, que necesitaban de equipos creativos de traballo de cara a xestión da programación, das actividades e dos recursos e espazos creativos onde se desenvolven. Esta estrutura pedagóxica e organizativa deu lugar aos seguintes laboratorios:

- Laboratorio Documental, a cargo do equipo de Biblioteca Escolar-Dinamización da Lingua.
- Laboratorio de Son, a cargo do equipo de Radio na Biblio.
- Laboratorio de Imaxe, a cargo do equipo Tecnolóxico.
- Laboratorio de Ideas, a cargo do equipo Creativo.
- Laboratorio Experimental, a cargo do equipo de Ciencias.

Asemade, iniciamos o presente curso 2022/23 cun claro obxectivo recollido no noso Plan Lector Anual:





*"Fomentar o uso da biblioteca entre as familias e persoal non docente, dinamizando a **participación presencial das familias** despois de dous cursos de distanciamento por mor da pandemia"*

Devandito obxectivo propoñemos acadalo, ademais de con actividades de dinamización e fomento da lectura/aprendizaxe que nos son propias, mediante o proxecto "**Educa-Tribo**". Un proxecto asentado na clara convicción de que a educación é tarefa de todas/os: facendo comunidade, educando en comunidade.

O ideario educativo da nosa escola, recollido no noso PEC, e os laboratorios de aprendizaxe que xurdiron para asentarmos un novo concepto de Biblioteca Escolar (BE), onde espazos e recursos creativos están ao servizo da educación e da comunidade, son a fonte de inspiración para querer aventurarnos nun novo proxecto: compartir experiencias (profesorado-familias, alumnado-alumnado, familias-alumnado) activas e interactivas de carácter formativo.

O proxecto vai dirixido a todo o alumnado e está aberto á colaboración de todas as familias: E. Infantil e E. Primaria. Así, solicitamos, ao inicio de curso, a colaboración para as seguintes actividades centrais:

- Sesións *Hoxe le...* que se desenvolven na nosa Biblio durante a Hora de Ler para o alumnado de E. Infantil e 1º ciclo de E. Primaria.
- "Educa-Tribo" alumnado. O alumnado, de maneira voluntaria, participa como "experto" dunha actividade que sexa do seu interese; sendo orientados polo profesorado para a organización da sesión a implementar.
- "Educa-Tribo" familias. As familias, de maneira voluntaria, responden á solicitude de participación segundo as actividades que poidan desenvolver como "expertas"; contando sempre cunha coordinación previa co profesorado para orientar a sesión a implementar.

No proxecto tamén recolleemos a necesidade de realizar sesións formativas con expertas/os en diversas materias que abarcan a lectura, a información e a aprendizaxe.



A Biblioteca aporta a necesaria organización pedagóxica arredor de documentos varios, entre eles as plantillas “Educa-Tribo” que recollen aspectos esenciais dun laboratorio de aprendizaxe, onde a información debe ser a fonte que provoque a interacción de experiencias, propias e alleas, para chegar ao coñecemento individual e social. Os fondos da Biblioteca son de imprescindible utilidade para informarse, para organizar cada actividade formativa; así como os seus espazos serán lugar de intercambio de experiencias compartidas en comunidade.

Seguimos querendo educar con identidade propia e en comunidade xa que “o século XXI xa non vai tanto de solistas como de coristas” (W. Isaacson, 2014).